

Marzo 2021

Coñece ao noso equipo



ROCÍO RODRÍGUEZ,
investigadora do grupo
i-MARK

Rocío Rodríguez Daponte é licenciada en Ciencias Económicas e Empresarias pola Universidade de Santiago de Compostela e Doutora en Dirección e Administración de Empresas pola Universidade de Vigo. Ademais, completou a súa formación cun Mestrado en Dirección de Empresas (MBA) no Instituto de Empresa en Madrid. A súa investigación céntrase na Responsabilidade Social, enfocada nos últimos anos na igualdade de xénero. Neste campo está colaborando co Consorcio da Zona Franca de Vigo, ARDÁN, na elaboración do Informe económico e de competitividade no capítulo: "A igualdade de xénero na empresa galega" e é a investigadora principal do proxecto OCEANETS, financiado pola Comisión Europea (EASME) baseado na economía circular. Iniciou a súa carreira profesional traballando como Business Manager para a empresa Colgate-Palmolive, no departamento de Trade-marketing. Posteriormente, traballou como Product Manager na empresa Luis Calvo Sanz. Na actualidade é Profesora Contratada Doutora do Departamento de Organización de Empresas e Marketing e membro do grupo de investigación i-MARK da Universidade de Vigo. Compaxina a súa labor investigadora coa docencia, sendo coordinadora da materia de responsabilidade social en distintos mestrados. Ademais, coordina o Grupo de Innovación Educativa Pra&Empr (Prácticas na Empresa). A doutora tamén foi Vicedecana de Calidade na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais e enlace de Igualdade da UVigo.

Noticias destacadas



**"CONVERSAS", UNHA INICIATIVA PARA
ACHEGAR A CIENCIA Á SOCIEDADE**

Conversas é un ciclo de conferencias de divulgación promovido polo proxecto "meta." da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo do Campus de Ourense.



**O PROXECTO SHERPA DO MAR CREA UN MAPA
DE COÑECEMENTO EURORREXIONAL**

Este mapa incorpora unha extensa base de datos sobre recursos científico-técnicos relacionados co mar e dispoñibles na Eurorrexión Galicia - Norte de Portugal.

Convocatorias abertas e eventos de interese

PRIMA - Convocatoria de proxectos transnacionais (Prazo ata o 21/04/2021)

Xunta de Galicia - Premios á Transferencia de Tecnoloxía en Galicia 2021 (Prazo ata o 30/04/2021)

Fundación BBVA - Premios Fronteiras do Coñecemento (Prazo ata o 30/06/2021)

MICIU - Convocatoria de Axudas - Proxectos de I+D+I en Liñas Estratéxicas 2021 (prazo por definir)